

ADOLESCENTES E INTERNET. NOVOS ESPAZOS DE CIBERVIOLENCIA DE XÉNERO

A institución do Valedor do Pobo leva desde o ano 2011 traballando a prol da divulgación dos usos axeitados da tecnoloxía entre os adolescentes da comunidade. Esta experiencia permitiu coñecer con carácter pioneiro, por medio de diferentes estudos, os hábitos que os nosos menores asumen nas súas experiencias vitais virtuais e apuntar os aspectos nos que aínda resulta preciso traballar.

Cada 25 de novembro conmemórase o día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Como recoñece a ONU, a violencia contra a muller constitúe unha violación dos dereitos humanos e das desigualdades aínda existentes por razón de xénero. Cando se achega esta data, a valedoría ten a tradición de organizar una xornada divulgativa aberta á cidadanía para reflexionar sobre este problema desde todos os puntos de vista.

Dada a crecente a preocupación da valedora do pobo na normalización do emprego de novos mecanismos de ciberviolencia de xénero, sobre todo entre os adolescentes, nesta ocasión queremos dar voz aos mais novos, que sexan eles quen por medio do debate nos acheguen conclusións para seguir traballando nesta liña.

Para cumprir con este propósito invitamos aos propios rapaces a tomar a palabra. Convidamos a alumnos de entre 12 e 16 anos de sete centros escolares galegos a participar na xornada e achegarnos as súas impresións ou ideas acerca do sexting, a xestión da súa intimidade por medio do espazo virtual e as redes sociais, ou sobre o exercicio do ciberacoso nas aulas.

Queremos implicar tamén no mesmo aos equipos de orientadores, principal punto de partida das políticas de prevención, detección e/ou vixilancia de accións problemáticas no entorno escolar.

Os grupos de traballo en torno aos que se organizará a xornada estarán dirixidos por expertos en diferentes materias, que permitirán focalizar a atención nas cuestións relevantes e guiarán a configuración, por parte do grupo, dun documento de conclusións que se lerá publicamente. Estas ideas contarán coa súa correspondente divulgación e será tidas en conta na planificación de novas accións de pedagogía promovidas desde a institución do Valedor do Pobo.

FICHA TÉCNICA:

Organizan: Valedor do Pobo, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Colexio Profesional de Enxeñaría Informática

Dirixe: Milagros Otero Parga, valedora do pobo

Obxecto: Estudo e debate dos novos espazos para o exercicio da ciberviolencia de xénero cos que contan os e as adolescentes

Data: luns, 23 de novembro de 2015

Horario: 11.00 a 17.30 horas.

Sede: Auditorio da Biblioteca de Galicia. Cidade da Cultura. Santiago de Compostela.

Información e contacto: Valedor do Pobo.
981569740. comunicacion@valedordopobo.gal

Organizan:

XORNADAS DIVULGATIVAS. ADOLESCENTES E INTERNET. NOVOS ESPAZOS DE CIBERVIOLENCIA DE XÉNERO

PROGRAMA

23 de novembro 2015

10.30 h Recepción e entrega de documentación

11.00 h Inauguración

- Milagros Otero Parga. *Valedora do pobo*
- Manuel Corredoira López, *director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*
- Pablo Cameselle Martínez. *Adxunto da valedora do pobo*

11.30-12.30 h

Relatorio: *La Policía Nacional en las redes sociales, nuevas herramientas de interacción con los adolescentes*

- Carolina González García. *Inspectora Community Manager do Corpo Nacional de Policía*

12.30 h- 12.45h Pausa café

12.45 h -14.00 h

Mesa redonda: *O sexting como práctica de risco entre os menores*

Modera: Pablo Cameselle Martínez. *Adxunto á Valedora do Pobo*

Interveñen:

- Fernando Suárez Lorenzo, *Presidente do Colexio de Enxeñaría Informática de Galicia*
- Adelino Pose, *director IES Xulián Magariños de Negreira e membro do Consello Galego de Convivencia Escolar (representante dos directores)*
- Teresa Egerique Mosquera, *doutora da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra (Universidade de Vigo)*

- Sonia Rodríguez-Boente. *Profesora de Filosofía do Dereito (Universidade de Santiago)*

15.30 h-16.30 h

SESIÓNS DE TRABALLO

Sesión 1: *Violencia e control*

Modera: Fernando Suárez Lorenzo, *Presidente do Colexio de Enxeñaría Informática de Galicia*

Sesión 2: *Xestión da intimidade*

Modera: Teresa Egerique Mosquera, *doutora na Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra da Universidade de Vigo*

Sesión 3: *Prevención do ciberacoso (orientadores)*

Modera: Fátima García, *xefa do Servicio de Formación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*

16.30 h -17.00 h

Elaboración de conclusións por parte dos grupos de traballo

17.00-17.30 h

Lectura de conclusións

Coordina: Sonia Rodríguez-Boente. *Profesora de Filosofía do Dereito da Universidade de Santiago*

17:30h Clausura e peche

RELACIÓN DE CENTROS PARTICIPANTES

- IES Castro Aobre. Vilagarcía
- IES Fin do Camiño. Fisterra
- IES Alfonso X O Sabio. Cambre
- IES Sardiñeira. A Coruña
- IES Plurilingüe Xose Neira Vilas. Oleiros
- IES Milladoiro. Ames
- IES Xulián Magariños. Negreira

Organizan: